



Concello do Porriño

Expediente dixital nº 6305/2024.

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 18-09-2025

Data final de exposición: 20-10-2025

O Porriño, a de de

DECRETO DE DON MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA).

TENDO EN CONTA que no proceso selectivo para a cobertura definitiva, de 7 prazas de operarios de obras e servizos, funcionarios de carreira, da escala de administración especial, servizos especiais, clase de persoal de oficios, grupo E agrupación profesionais (AP), incluídas na OEP 2024, o Tribunal cualificador o día 15/09/2025, se reuniu coa finalidade de elevar á Alcaldía informe-proposta de resolución dos recursos dealzada presentados pola opositora, María da Concepción Trabazo Acuña, contra o acordo do devandito tribunal que desestimou as alegacións presentadas pola recorrente ao segundo exercicio da oposición (práctico), publicado o día 04-08-2025 no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño e na páxina web municipal www.oporrino.org.

TENDO EN CONTA que o citado Tribunal emitiu e remitiu a esta alcaldía o devandito informe proposta que di:

Vistos os escritos presentados por dona MARÍA DA CONCEPCIÓN TRABAZO ACUÑA, con rexistros de entrada números 2025-E-RE-6137, 2025-E-RE-6159 e 2025-E-RE-6234, interpoñendo recurso de Alzada contra o acordo do tribunal publicado o día 04/08/2025, para o proceso selectivo para a cobertura definitiva de sete prazas de operarios de obras e servizos, funcionarios de carreira, incluídas na Oferta de emprego público do ano 2024, o Tribunal atendendo ao instado pola alcaldía en data 03/09/2025 e de conformidade co establecido no artigo 121.2 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, por unanimidade, eleva á Alcaldía a proposta de resolución seguinte:

a) No escrito presentado segundo rexistro 2025-E-RE-6137, de data 08/08/2025, realiza alegacións, onde en resumo, manifesta que a motoserra utilizada na proba práctica carecía de elementos esenciais de seguridade, que tampouco era da marca Husqvarna.

En referencia a que a motoserra non era da marca referenciada, non hai moito que alegar, porque todos os opositores viron a motoserra e foi a mesma para todos. Que a recorrente, non recoñeza a motoserra non é motivo de alegación. Infórmase que a motoserra se trataba da marca Husqvarna, modelo 460 Rancher e número de serie 2018 4900095, con referencia interna CP20.

Sobre o estado da motoserra que non cumpría coas medidas de seguridade, se procedeu a levar dita ferramenta ao taller oficial da marca Husqvarna, certificando o seguinte:

“Que en dicha revisión se procedió a la revisión y comprobación de los siguientes ítems de seguridad de la misma:

- *Protector de mano: buen estado.*
- *Bloqueo de acelerador: funcionamiento correcto.*
- *Interruptor de on/off: funcionamiento correcto.*
- *Puesta a punto: realizada.*
- *Tensión, afilado y engrase cadena: realizado.”*

DECRETO

Número: 2025-2954 Data: 17/09/2025

Páxina 1 a 4





Concello do Porriño

Tal como consta na devandita certificación do distribuidor autorizado da marca Husqvarna (que se incorpora a continuación), a motosierra utilizada para o exercicio práctico da oposición cumpría coas medidas de seguridade e funcionaba correctamente.



JUAN ANTONIO BUGARÍN RORIS, con
calidad de Administrador Único de la entidad mercantil
S.L., con domicilio en el municipio de PORRIÑO,
en
N,
O

CERTIFICA

Que mi representada es distribuidor autorizado de la marca de maquinaria HUSQVARNA desde hace más de veinte años.

Que a petición del Concello de Porriño, con fecha 11/06/2025 según albarán 1:E:25/560, fue revisada en nuestras instalaciones la motosierra Husqvarna 460 Rancher nº serie 2018 4900095 (su referencia interna CP20).

Que en dicha revisión se procedió a la revisión y comprobación de los siguientes ítems de seguridad de la misma:

- **Protector de mano: buen estado.**
- **Bloqueo de acelerador: funcionamiento correcto.**
- **Interruptor de on/off: funcionamiento correcto.**
- **Freno de cadena: funcionamiento correcto.**
- **Puesta a punto: realizada.**
- **Tensión, afilado y engrase cadena: realizado.**

Para que conste a los efectos oportunos, expido la presente en O Porriño, a diecinueve de agosto de dos mil veinticinco.



Pdo.: Juan Antonio Bugarín Roris
Administrador Único

FERRETERÍA: A
TALLER Y EXPOSICIÓN:

Decreto
Número: 2025-2954
Data: 17/09/2025

ióna esPublico | Páxina 2 a 4

b) En referencia ao escrito con número de rexistro 2025-E-RE-6159, de data 09/08/2025, onde en resumo alega a falta de luz no lugar da realización do exame.

Infórmase que o lugar posuía a iluminación máis que suficiente para a realización da proba práctica. Aínda así, se adxunta fotografía sen ningún tipo de filtros nin flash, realizada ás 10:48 horas do día 28 de agosto de 2025, onde o día era sol con nubes, lembrando que o día do exame o día estaba asollado.





Concello do Porriño



Sobre o persoal colaborador, trátase dun Oficial de 1º pertencente á plantilla do Concello do Porriño, cunha ampla experiencia en manexo de maquinaria, de feito así o demostrou, emendando as incidencias que xurdiron durante a proba, ao volver desmontar a motoserra, cando esta quedaba mal montada.

c) En referencia ao escrito con número de rexistro 2025-E-RE-6234, de data 17/08/2025, onde fai constar graves irregularidades, infórmase:

1º Sobre a ferramenta está en condicións, dáse contestación co informe da marca da motoserra que consta no presente informe.

2º A motoserra atopábase desmontada para todos os opositores da mesma maneira, cadea, espada e tapa con tensor e porcas encima da mesa para a súa montaxe. Reitérase que a motoserra funcionaba perfectamente, tras comprobación no distribuidor oficial da marca.

3º En referencia á falta de iluminación, reitérase o descrito anteriormente, coa fotografía que se adxunta, onde queda acreditado que non existe tal falta de luz.

4º O anterior opositor á recorrente realizou a proba nun tempo dun minuto e vinte e cinco segundos. A motoserra á recorrente, déuselle totalmente desmontada, de feito paróuselle aos dous minutos e sete segundos, porque non era capaz de montar a cadea na motoserra. En referencia á falta de seguridade, lémbrales á recorrente que había luvas de diferentes tallas para a realización da proba, escollendo a opositora os que máis se axustaban á súa medida de man.

Por todo o exposto, este Tribunal eleva a alcaldía a seguinte proposta de resolución:

DECRETO
Número: 2025-2954 Data: 17/09/2025





Concello do Porriño

-DESESTIMAR os recursos presentados por dona MARÍA DA CONCEPCIÓN TRABAZO ACUÑA mediante os citados escritos rexistrados de entrada neste concello cos números 2025-E-RE-6137, 2025-E-RE-6159 e 2025-E-RE-6234.

CONSIDERANDO que os recursos de alzada formulados por María da Concepción Trabazo Acuña está interpostos por persoa lexitimada e dentro de prazo, consonte ao establecido nos artigos 4, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

CONSIDERANDO que o prazo que ten este Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada é de tres mes a partir da súa presentación, conforme o previsto no artigo 122.2 da LPACAP, de xeito que unha vez transcorrido o devandito prazo sen que haxa recaído resolución, se poderá entender desestimado.

CONSIDERANDO que consonte ao disposto no artigo 122.3 da LPACAP, contra a resolución do recurso de alzada no caberá ningún outro recurso administrativo, agás o recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos no artigo 125.1 do citado texto legal.

CONSIDERANDO que conforme dispón o artigo 121.1 da LPACAP, o recurso de alzada interposto lle corresponde resolvelo ao Sr. Alcalde por ser o órgano que nomeou o presidente e demais membros do Tribunal cualificador do proceso de selección.

Vistos o preceptos citados e demais de concordante e pertinente aplicación, esta alcaldía de conformidade co citado informe proposta do Tribunal seleccionador e consonte e consonte ao disposto artigo 122.1 da LPACAP,

RESOLVE:

Primeiro.- DESESTIMAR os recursos presentados por MARÍA DA CONCEPCIÓN TRABAZO ACUÑA mediante os citados escritos rexistrados de entrada neste concello cos números 2025-E-RE-6137, 2025-E-RE-6159 e 2025-E-RE-6234.

Segundo.- Notificar esta resolución á recorrente e publicala para coñecemento dos demais interesados na Sede Electrónica, no taboleiro físico de Edictos do Concello de O Porriño e na páxina web municipal www.oporrino.org. facéndolles saber que contra a devandita resolución, que pon fin a vía administrativa, poderán interpoñer os seguinte *recursos*:

Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación da resolución, ante a Xulgado do contencioso administrativo de Pontevedra, de acordo co previsto nos artigos 8 a 10 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Non poderá interpoñerse novo recurso administrativo contra a resolución do recurso de alzada, agás o extraordinario de revisión cando proceda.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE NA MARXE.

DECRETO
Número: 2025-2954
Data: 17/09/2025

Páxina 4 a 4

Notas Avance